

A prensa betanceira (I)

De "El Censor" a "Por la Patria" 1883-1893

XESUS TORRES REGUEIRO *

INTRODUCCION

Non son moitos os traballos sobor da prensa betanceira e, na maior parte dos casos tratase de pequenas reseñas sobor dun periódico determinado.

O único estudo global, de conxunto, da prensa betanceira é un traballo do profesor Míguez, traballo paciente e de agradecer, feito hai máis de 20 anos, ao que é inevitábel acudir. Pese a todo, o enfoque da prensa betanceira por parte de Míguez é máis literario que socio-político, o cal non axuda moito a comprender por qué e cómo xurden determinadas publicacións e que intereses as promoven.

Falta un análisis global das relacións sociais e de clase que se moven ao redor das diferentes publicacións; análise necesario para o estudo histórico dos últimos anos do século XIX e primeiras décadas do XX en Betanzos. Non é pretensión deste traballo encher ese valeiro, mais si o facer algunha aportación nese camiño.

E triste comprobar, por outra parte, como non existen practicamente exemplares da prensa betanceira nas hemerotecas e bibliotecas, nin siquera nas adicadas á investigación. O mesmo ocorre ca prensa doutras vilas. No millor dos casos hai que recurrir a coleccións privadas, non sempre asequibeis, dalgún particular.

Por sorte para Betanzos, o "coleccionismo" dun particular, D. Francisco Vales Villamarín, impideu que a prensa betanceira desaparecera para sempre. Hoxe, donada por él ao Concello de Betanzos, temos no Arquivo municipal unha boa parte da prensa local, testimonio importantísimo para o coñecemento da nosa historia e cultura máis recentes.

APARICION E ESCENARIO DA PRENSA BETANCEIRA

O 29 de outubro do pasado ano cumplíase un século da aparición nas rúas de Betanzos da primeira publicación periódica local: EL CENSOR.

Betanzos incorporabase ao tren do periodismo un pouco despois de vilas con menor importancia na época: Ordes, Vilagarcía de Arousa, Ribadavia, Noia, Ribadeo..., contan xa con prensa periódica algúns anos antes, escomenzando deste xeito un proceso novedoso no periodismo galego.

Efectivamente, nestes primeiros anos da restauración borbónica, a prensa galega deixaba de ser un fenómeno exclusivamente urbán para espallarse polas vilas máis importantes. A prensa urbán non enchía as necesidades e esixencias informativas dunhas vilas que escomenzan a

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de E.X.B., e investigador de temas históricos dos séculos XIX e XX.

ter unha vida social, económica e política complexa (1).

De capital de provincia no Antigo Réxime —capitalidade perdida na reforma administrativa de 1834—, Betanzos pasará a desempeñar unha función máis modesta como centro dunha comarca que abrangue aos 10 axuntamentos do partido xudicial. O orgullo capitalino permanecía aínda nalgún sector da burguesía mentras a vila, en palabras de EL CENSOR, languidecía material e espiritualmente.

Descoñécese, de momento, a evolución demográfica de Betanzos no século XIX, pero sabemos que na 2.^a metade vaise pasar das 5.840 “*almas*” que cita Pascual Madoz en 1846, ás casi 9.000 de finais de século (2). Isto indica un aumento demográfico importante, produto en parte da despoboación do agro cara a vila e do freno emigratorio que supón a perda das colonias ca conseguinte repatriación masiva.

A partires de 1850, Betanzos experimenta un lixeiro despegue na actividade industrial, debido en parte á produción das fábricas de curtumes introducidas por industriais de orixe vasco e á construción de vivendas, que dará lugar ao surximento dun barrio obreiro na Cruz Verde, extramuros da cidade (3). Nesta década do 50 chegan a Betanzos dúas cousas importantísimas para o posterior desenrolo da prensa local e que van prepararlle o camiño. Trátase da primeira imprenta, introducida polo betanceiro Joaquín Castañeira en 1851, e unha oficina de Telégrafos, que se instala en 1858.

Os anos do chamado sexenio revolucionario —que van traer a I República— e posteriores deixarán na burguesía unha febre polo “*progreso*”. Febre que se vai manifestar en Betanzos nos sucesivos ensanches, escomenzados en 1872 co derribo da Porta da Vila e continuados en anos posteriores noutros puntos da cidade (5); na euforia que se suscita pola chegada do ferrocarril do Noroeste á estación de Infesta no 1833 e a aprobación no mesmo ano da construción do tramo Betanzos-Ferrol (que non se chegará a inaugurar deica 1912) (6), e noutros pequenos logros como é a instalación da primeira fábrica de electricidade en 1894.

En 1875, ca restauración da monarquía, iniciábase un réxime político ao servizo dos intereses da oligarquía española, baseado no bipartidismo consensuado de conservadores e liberais que se turnan no poder, na regresión da oposición das esquerdas e no control electoral. Este réxime, con lixeiros retoques, vai lograr sobrevivir deica a Dictadura de Primo de Rivera.

En Betanzos, o notario Juan Arines Montenegro e o abogado Agustín García Sánchez capitanean o partido conservador e o liberal, respectivamente. Partidos, por outra parte, de “*notabeis*”, sin base social e cos mesmos intereses de clase. O “*turno*” no goberno municipal é un reflexo da política de altura. Pero en 1897 morre Arines e o seu sucesor ao fronte dos conservadores, o tamén abogado Manuel Sánchez Cordero, non é capaz de aglutinar ao seu redor aos conservadores, dando lugar a que a influencia e poder de García Sánchez se incrementen.

É sabido que o sistema político da Restauración borbónica non sería posíbel sin o fenómeno socio-político do caciquismo (7). O cacique move a trama da gran farsa do sistema electo-

(1) Según Durán, estudioso do tema, a primeira publicación de carís “*non urbán*” ou “*vilega*” sería EL FOMENTO de Ordes, aparecido en 1878. Sobre este tema e a evolución da prensa galega nestes anos, véxase J.A. Durán: Crónicas-3. Entre la mano negra y el nacionalismo galleguista, Madrid, 1981.

(2) O censo de 1900, primeiro que coñecemos, da 8.948 habitantes.

(3) M.^a Teresa Rodríguez Facal: Betanzos y su área de influencia, Santiago, 1981. Según E. Carré Aldao (“*Provincia de La Coruña*”, vol I e en Geografía del Reino de Galicia, Barcelona, s.d.) o devandito barrio escomenzouse a principios do século XIX.

(4) Manuel Soto Freire: La imprenta en Galicia, Lugo, 1868.

(5) Véxase ao respecto, Alfredo Erias: O fenómeno dos ensanchas na cidade de Betanzos. Do ano 1870 ó 1920, en El Ideal Gallego, 11 e 12-XI-1982.

(6) Alfredo Erias: Cen anos de ferrocarril en Betanzos, en El Ideal Gallego, 17 e 18-VIII-1983.

(7) É abundante a bibliografía sobor do fenómeno do caciquismo. Ademais das referencias en traballos sobor da época da Restauración en xeral, e sin remontarnos xa a Joaquín Costa (“*Oligarquía y caciquismo como la forma actual de gobierno en España*”, Madrid, 1901), podemos ver os traballos de Durán ou de X.R. Barreiro Fernández no referente a Galicia.

ral no seu feudo, en beneficio do “político” que ostenta a representación do feudo en Madrid, exercendo arbitrariamente o poder local. Alcalde, concellais, segredario, deputado provincial, acatan as vontades do cacique —a quen deben o posto—, chegando ás veces a influencia deste ao goberno civil.

García Sánchez —“don Agustín”, popularmente—, que tiña sido deputado a Cortes, exerce en Betanzos e dende o seu bufete o papel de mediador ao longo de casi 30 anos, si ben nos últimos anos será contestado incluso por membros do seu propio clan (8). Betanzos, nestes anos finiseculares, é un feudo dos Gasset (9) —con García Sánchez de intermediario—, o mesmo que Pontedeume o é do Marqués de Figueroa. Sexa un ou outro partido o que governe, estes feudos son intocabeis. Ben puido comprobalo o mesmo don Agustín, cando en pleno goberno dos conservadores intentou a “osadía” de enfrentarse ao Marqués, aspirando á acta de deputado por Pontedeume.

Así as cousas, os sectores máis inquedados da pequena burguesía hai tempo que sinten a necesidade dunha publicación como medio máis eficaz para presionar e “censurar” certos excesos do caciquismo e á burguesía máis conservadora. Ca aparición de EL CENSOR buscábase un apoio social, insistindo machaconamente nesa necesidade, camuflada como unha necesidade do pobo. Así o expresa Constantino Ares no primeiro número: “...la necesidad de un periódico se hace sentir en la más insignificante localidad de un territorio; y Betanzos conocedor de la poderosa influencia de estos órganos de la opinión, supo derribar los obstáculos que se opusieron a dar vida y movimiento al que hoy vé, por vez primera, la luz pública...”

Existía, sen embargo, o perigo de que o periódico caera, aproveitando a súa influencia, “en manos de gentes que lo utilicen de órgano de bajas pasiones y para ruines fines”, para elo necesitaban os seus dirixentes “una gran prudencia, regular ilustración, nobles propósitos, no dejarse arrastrar por ciertos extremismos...”, cousas todas elas que a xente de EL CENSOR tén, por suposto, como cualidades propias, xa que nas súas páxinas “sólo se alzarán gritos en defensa de la justicia y de la verdad, olvidada por aquellos que solo pronuncian esas frases para escarnecer lo noble y elevado de su significación” (10).

Serán os ímpetus xuvenís e románticos dun Roque Ponte e un Fernando García Acuña os que levarán adiante esta empresa. Con 24 e 22 anos cando aparece EL CENSOR, republicanos ámbolos dous, serán os impulsores e potenciadores das publicacións máis combativas e comprometidas destes primeiros anos.

EL CENSOR non tería longa vida, pese aos esforzos dos seus impulsores. Ampliábase o corpo da publicación adicando máis espazo aos acontecementos locais, introducese o folletín coleccionábel ca “Historia de Betanzos”, todo elo en busca dun maior apoio social; falouse incluso da posibilidade de saír dúas veces á semán, pero as dificultades rematarán por facelo desaparecer.

Con todo, EL CENSOR conseguiu que a necesidade da prensa local calara nun sector da poboación, deixando entrever a súa posibilidade e abrindo un camiño para os que o continuarían.

(8) “...La esgrima política cuenta con un ducho estratega, Agustín García Sánchez, ex diputado a Cortes, cuyo mandarinato (denunciado como caciquista incluso por sus propios partidarios) se asienta en el contexto político provincial de tres grandes familias políticas; gassetistas, monteristas y figueroístas... García Sánchez ajusta las decisiones, escrupulosamente, brillando más por esta habilidad que por su oficio de abogado: sabía ponerse como nadie en el filo mismo de las cosas, empezando por la Ley, o por su propia ideología, pretendidamente liberal-demócrata en estos años...” J. A. Durán: Crónicas-E. Entre la mano negra y el nacionalismo galleguista. Madrid, 1981.

(9) A familia Gasset tiña un enorme peso económico e político na Galicia deste anos. En Madrid controlan a prensa liberal de “trust”, representada por EL IMPARCIAL. Rafael Gasset Chinchilla é deputado a Cortes polo distrito de Betanzos a finais de século.

(10) El Censor, n.º 2, 5-XI-1883.

CRONOLOXIA DA PRENSA BETANCEIRA

<i>ano</i>	<i>título</i>	<i>duración</i>	<i>periodicidade</i>
1883	EL CENSOR	(1883-1884)	Semanal
1886	LA LIBERTAD		Dous n.º por semán
	LAS MARIÑAS	(1886-1893)	Semanal
	O ANTROIDO	(1886-1887)	Semanal
1887	A FULIADA		Semanal
1888	EL ESCOBON		Semanal
	ORVALLEIRAS		Unico n.º
	EL BRIGANTINO	(1888-1889)	Semanal
1889	LAS RIBERAS DEL MENDO		Semanal
	¡YA SOMOS TRES!		Semanal
1890	EL VALDONCEL		Diario
	EL MENDO	(1890-1891)	Diario
1898	POR LA PATRIA		Diario
1900	EL PUEBLO	(1900-1902)	Semanal
	EL PROGRESO	(1900-1901)	Semanal
1901	OTRO PUEBLO	(1901-1902)	Semanal
	EL CORNETIN (?)		(?)
	EL CHAPARRON		Semanal
	EL ECO DE LA INFANCIA		Trimestral
	UN SUSPIRO DE EL CHAPARRON		Unico n.º
	LA CANTARIDA		Semanal
	LA MARIPOSA		Unico n.º
	DOÑA PRUDENCIA		Semanal
1902	EL MANDEO		Semanal
1903	EL BOMBARDINO		Semanal
	EL BANDO		Quincenal
1904	LA ASPIRACION	(1904-1912)	Semanal
1905	DESTELLOS JUVENILES		Semanal
1906	LA DEFENSA	(1906-1910)	Semanal
1909	LA DISCUSION		Semanal
1912	NUEVA ERA	(1912-1913)	Semanal
1913	BETANZOS LIBERAL	(1913-1914)	Semanal
1914	BETANZOS		Semanal
1922	REXURDIMENTO	(1922-1923)	Quincenal
1923	LA BATALLA		Quincenal
1925	REVISTA NUÑEZ	(1925-1926)	Anual
	PATRIA		Quincenal
1930	LA SEMANA BRIGANTINA		Semanal
1932	EL LINCE		Unico n.º
193.	EL LUCHADOR FERROVIARIO		193.
1948	ANUARIO BRIGANTINO	(1948, 1949, 1951, 1981, 1982)	Anual
1953	BOLETIN DE INFORMACION MUNICIPAL	(1953-1955)	Variábel
	ALBOR	(1953-1956)	Trimestral
1956	EL ECO DE LAS MARINAS		Quincenal

Cando non se especifica a duración enténdese que deixou de saír no mesmo ano da aparición.

Sin datar: LA ENSEÑANZA BRIGANTINA

AS XEIRAS DA PRENSA BETANCEIRA

Podemos diferenciar unha primeira xeira na prensa local, que vai dende a aparición de EL CENSOR (1883) deica a gran crise finisecular que culmina ca desfeita do imperialismo ultramarino español, caracterizada polas loitas entre os diferentes sectores da burguesía.

Unha segunda xeira que vai de 1900 a 1910 e que ven marcada polos movementos agrarios que xurden da necesidade asociativa sentida polos labregos para loitar, incluso electoralmente, contra do caciquismo que domina o sistema, ca problemática da propiedade da terra ao fondo. E unha etapa de polarización e enfrontamentos entre as publicacións, que van empezar a ter en conta —unhas con hostilidade, outras con simpatía ou preocupación— ao movemento obreiro.

E a partir daquí xa se vislumbra o ostracismo da prensa betanceira (11), que vai parella ca fonda crise do sistema. Compre ter en conta que o 75% das publicacións xa tiñan aparecido antes de 1910. A prensa local deixa de ser competitiva fronte ás empresas periodísticas das capitais de provincia e aínda do estado, que empezan a impoñerse. Aínda así, aparecerá algunha publicación de importancia nas portas da Dictadura de Primo de Rivera; é o caso de REXURDIMENTO, da man do incipiente movemento nacionalista.

A II República non vai supoñer un incremento significativo na prensa local (12), fora da aparición do primeiro órgano propiamente obreiro: EL LUCHADOR FERROVIARIO (13). O franquismo significará a súa lenta agonía, conducíndoa cara publicacións institucionais —escasas, por certo—, e á súa desaparición en 1956 con EL ECO DE LAS MARIÑAS.

A prensa betanceira presenta en xeral as seguintes características: prolífica en publicacións, desigual en duración e calidade, temática e ideoloxicamente diversificada, inestábel, non profesionalizada e con escasos medios. Imos ver a súa evolución cronolóxica:

DE "EL CENSOR" A "POR LA PATRIA" 1883-1889

Prensa e ferrocarril son dúas novidades que chegan no mesmo ano a Betanzos, abrindo novos horizontes. Betanzos é nestes anos o centro político (14), económico e administrativo dunha ampla bisbarra predominantemente agraria. A súa poboación componse maioritariamente de labregos, xunto cun sector da burguesía vencellada ao comercio e de profesións liberáis que coexiste cunha minoritaria burguesía absentista, de grandes propietarios de terras, que provén da fidalguía e que xa empeza a ser rebasada en poderío e influencia pola burguesía máis activa. EL CENSOR atacará o absentismo desta burguesía: "...considerando á Betanzos como un pueblo pequeno y atrasado, los poseedores de alguna fortuna se ausentan, porque solo el aire de las grandes poblaciones les satisface, y reciben allí los productos de sus bienes, que son disfrutados en pueblo ajeno..." Tamén o mimestismo dalgúns burgueses é censurado: "...muchas familias acomodadas que aún viven en el pueblo, nada quieren de él: todo cuanto precisan se lo proporcionan de afuera, no a pretexto de economía, sino de moda; nadie viste, nadie calza, nadie compra, ni nadie utiliza los servicios de la industria local de Betanzos..." o cal implica que "el artesano emigra, el oficial huye y el que queda languidece por falta de trabajo..." (15).

O proletariado é aínda moi incipiente, ao redor do sector da construción e de pequenos obradorios artesanais, dado que as industrias son escasas e de pouco alcance (excepción feita

(11) Coincidimos con Míguez nesta apreciación.

(12) Vales Villamarín queixábase en 1935, nun artigo na revista "Centro Social Betanzos" de Buenos Aires, da decadencia da prenda betanceira.

(13) Coñecémolo únicamente por referencias.

(14) Centro político en canto á influencia que exercen en todo o distrito electoral os líderes políticos asentados en Betanzos, propietarios de terras en axuntamentos limítrofes. Estes impoñen a súa vontade política aos labregos que as traballan en réxime de foro ou arrendamento.

(15) El Censor, n.º 2, 5-XI-1883.

das fábricas de curtumes), e aínda tardará en representar unha ameaza para as clases dirixentes.

Con todo, a burguesía verá con preocupación os xérmolos da organización obreira, que collerán empuxe e radicalizaranse a raíz da visita do líder socialista Pablo Iglesias a Betanzos, no Nadal de 1899. Incluso os labregos alentados por éste constituirán ao ano seguinte a Asociación de Agricultores, cunha orientación socialista (16).

É este, o derradeiro do século, un ano preocupante para o caciquismo e a burguesía, pois deixa entrever cambios importantes nas relacións de clase e aínda contestacións ostensibles por parte das clases populares: En xullo prodúcense motíns contra o aumento do imposto de consumos, con apedreamento da casa consistorial e queima de alcabelas. 230 membros do exército e garda civil veñen restablecer o orde, deixando como consecuencia 18 detidos, entre homes e mulleres (17).

A organización e forza de obreiros e labregos nos anos seguintes conseguirá nas eleccións de 1901, pese á tramoia electoral caciquil, o seu primeiro representante no concello.

Nesta primeira xeira que vai deica finais de século, a prensa local chega ao seu cume, aínda que non sexa representativa de tódalas clases sociais e nos anos seguintes vaian surxir publicacións de calidade e interés, agudizándose incluso os enfrontamentos entre algunhas de signo diferente. Pero nesta etapa a prensa local tiña abarcado xa un amplo panorama: tiña sido formalmente apolítica e informativa, satírica e festiva, política e partidaria, defensora dos intereses locais, con pretensións ilustradoras, católica e laica. ...A periodicidade semanal —que poucas publicacións posteriores serán capaces de manter— da maioría destas publicacións indica de por sí unha demanda continuada do público. Incluso chegarán a coexistir 3 publicacións diferentes, aínda que por pouco tempo: Con EL BRIGANTINO e LAS RIBERAS DEL MENDO na rúa, a principios de 1889, xurdirá unha terceira en discordia, feito que lle dará pé a nomearse YA SOMOS TRES con non pouco senso humorístico.

En momentos de euforia terase a fachenda de tirar dous números por semana (LA LIBERTAD), para chegar nos anos 1890 e 1891 a intentar a aventura dun periódico *diario* (EL VALDONCEL, que pasará 5 meses despois a chamarse EL MENDO) da man do "inquieto" periodista Adolfo Vázquez Gómez "*Mala Racha*" (18), calificado como infatigábel defensor do libre pensamento. A aventura durou 24 meses. Un diario, nunha vila coma Betanzos e ca infraestrutura e os medios da época era demasiado. A experiencia debeu resultar frustrante e desalentadora xa que quitando dunha corta reaparición de LAS MARIÑAS, Betanzos quedará sin publicacións deica a aparición dunha folliña, POR LA PATRIA, con ocasión da guerra de Cuba no 1898, máis por motivacións "*patrióticas*" e de estado que locais.

A inqueda periodística nestes primeiros anos vai moi ligada a unha preocupación literaria até o punto de compaxinar ambas. É o caso extremo de Roque Ponte e Fernando García Acuña, que alternan o periodismo combativo e anticaciquil con poemas románticos tardíos, como querendo demostrar que política e poesía —aínda que sexa romántica— non están necesariamente enfrontadas.

Compre ter en conta o enorme índice de analfabetismo que existe nesta época. Fóra da burguesía e do clero, son contadas as persoas capaces de ler un periódico. Extraña un pouco a proliferación de publicacións e as tiradas bastante altas para unha situación como esta. Neste contexto hai que situar a figura do "*lector*", persoa con algúns coñecimentos ou simplemente

(16) J.A. Durán: Pablo Iglesias en Galicia (crónica de un viaxe), en La Voz de Galicia, 14, 21 e 28-VII-1974. Ademais os periódicos locais El Progreso e El Pueblo comentarán posteriormente a visita do destacado líder en varias ocasións.

(17) Na sección "*Sucedio hace 50 años*" da revista "*Betanzos*", n.º 44, Buenos Aires, 1949, recollese esta noticia sin especificar de que periódico está recollida.

(18) Unha interesante biografía deste persoaxe recollea Alberto Vilanova en "*Los gallegos en la Argentina*", t.II, Buenos Aires, 1966, páxs. 1165-1173.

que sabe ler minimamente, que se preocupa de lerlles o periódico a grupos de analfabetos cos que se relaciona. Por outra parte, unha grande parte da tirada adicábase ao intercambio con outras publicacións, non soio de Galicia senón tamén do Estado, cousa que aseguraba a información nunha época na que a comunicación viaxaba máis "*lenta*" (sin axencias de información, teléfono, radio, etc.,...), servindo de referencia e confrontación (19).

Referimonos xa á aparición da prensa e do telégrafo en Betanzos como infraestrutura básica para o xurdimento da prensa local. A finais do século teñen abertas as portas tres obradoiros tipográficos na vila —tantos como na actualidade—: o de Castañeira, o de Amenedo Ponte e o de M. Villuendas. En todos eles tirábanse periódicos locais. O telégrafo vai ser de capital importancia para a prensa diaria: "Telegramas" (Madrid) e "Alcance postal y telegráfico" eran seccións fixas de EL MENDO. Cando en 1890 o servicio da oficina telegráfica fica reducida a oito horas, EL VALDONCEL expresará a súa protesta ao verse perxudicado na recepción de noticias.

Nesta época a prensa betanceira vai ligada, no aspecto social, á burguesía e pequena burguesía local, máis ou menos integrada no sistema, e unicamente a partir dos movementos agrarios de primeiros de século será portavoz das aspiracións dos medianos e pequenos propietarios agrícolas.

No aspecto económico, ademais de defender os intereses de clase desa burguesía, a prensa betanceira defenderá a consecución de vellas aspiracións da vila, caso de ferrocarril Betanzos-Ferrol, e nun medio maioritariamente agrario mostrará a súa preocupación polos "*intereses*" campesiños, tópico manexado por casi todos e que unicamente terá concrecións reais nos órganos propiamente agrarios que surxirán máis tarde (LA DEFENSA). Outra das preocupacións é a emigración que deixa o agro sin brazos.

No aspecto político, a prensa betanceira destes anos móvese entre unha burguesía adicta ao sistema turnista (conservadores, liberais) que detenta o poder político e económico, e unha burguesía que se opón, ben pola dereita (carlistas, tradicionalistas) ou pola esquerda (republicanos, divididos en varias fraccións), a este sistema, e que unicamente detenta o poder económico; e aínda cabería falar aquí dun minoritario sector burgués a cabalo desta última que intentará unha prensa rexionalista, aínda sin concrecións políticas, de tono folklórico, satírico e populachero, ca aportación importante do uso da lingua galega (O ANTROIDO, A FULIADA).

(19) El Censor, por exemplo, intercambiábase con publicacións de A Coruña, Santiago, Pontevedra, Mondoñedo, Ce-deira, Ourense, Ribadeo, Ferrol, Madrid, Monforte, etc.

EL CENSOR

PERIÓDICO SEMANAL DE INTERESES MATERIALES, NOTICIAS Y ANUNCIOS

DIRECTOR: D. ROQUE PONTE PEÑA

<p>PUNTOS DE SUSCRICION</p> <p>En Betanzos, en la administración de este periódico.—Fuera, en casa de los corresponsales.</p> <p>REDACCION Y ADMINISTRACION calle de los Plateros, 19</p>	<p>SE PUBLICA</p> <p>LOS LUNES</p>	<p>PRECIOS DE SUSCRICION</p> <p>En Betanzos, un mes 40 cts. de peseta.—Fuera, trimestre 1.50.—Números sueltos 15 céntimos.</p> <p>ANUNCIOS Y COMUNICADOS a precios convencionales</p>
---	---	---

EL CENSOR

Periódico semanal de intereses materiales, noticias y anuncios.

PERIODICIDADE.— Semanal (publicábase os luns).

PRIMEIRO NUMERO.— 29-X-1883.

DERRADEIRO NUMERO.— 23-11-1884.

NUMEROS PUBLICADOS.— 18.

DIRECTOR.— Roque Ponte Peña (1859-1923).

REDACCION.— Manuel Martínez Teijeiro, Severo Ares Mancera, Justo Contas Illá, Manuel Vaamonde Ponte.

COLABORADORES.— Fernando García Acuña, Manuel Martínez-Seoane Santiso, Constantino Ares.

FORMATO.— 33 × 23 cm. A partir do n.º 5 ampliase a 41,5 × 31 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a duas columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Imprenta de Lope Castañeira; Plaza, 19 (Betanzos).

REDACCION E ADMINISTRACION.— Rúa dos Plateiros, 19.

PRECIOS.— Suscripción: Betanzos, 0,40 pts ao mes; Fóra da localidade, 1,50 pts ao trimestre. Exemplar solto: 15 cts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Primeira publicación periódica betanceira. Órgano da pequena burguesía crítica, adscrita ás diferentes tendencias do republicanismo da época. Denuncian o absentismo dun sector da burguesía ao tempo que exercen unha función paternalista sobre os obreiros. Preocupación polos problemas locais (Ferrocarriil Betanzos-Ferrol), aínda polos máis intrascendentes. Publicou en folletín a "Historia de Betanzos" de M. Martínez-Seoane Santiso. Publicidade de comerciantes e artesáns locais.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin: Do n.º 1 ao 18.

LA LIBERTAD

PERIÓDICO REPUBLICANO INDEPENDIENTE.

<p>AÑO I.</p> <p>PRECIOS DE SUSCRICION.</p> <p>Betanzos, mes 0.75 pesetas. Provincias, trimestre, 3 idem. Anuncios y comunicados, precios convencionales.</p>	<p>SE PUBLICA LOS MIÉRCOLES Y SÁBADOS.</p> <p>MIÉRCOLES 15 DE SETIEMBRE DE 1886.</p>	<p>ADMINISTRACIÓN Y REDACCIÓN.</p> <p>Soportales de la Plaza del Campo, n.º 7. Betanzos.</p> <p>NÚM. 40.</p>
---	--	--

LA LIBERTAD

Periódico republicano independiente.

PERIODICIDADE.— Dous números por semana.

PRIMEIRO NUMERO.— Marzo (?) de 1886.

DERRADEIRO NUMERO.— Setembro de 1886.
 NUMEROS PUBLICADOS.— 41 ou 42.
 DIRECTOR.— Roque Ponte Peña.
 REDACTORES.— Fernando García Acuña, J.O.V.
 FORMATO.— 47 × 33 cm.
 N.º DE PAXINAS.— 4, a catro columnas.
 LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de A. Amenedo Ponte; Soportais do Campo, 7.
 REDACCION E ADMINISTRACION.— Soportais do Campo, 7.
 PRECIOS.— Subscrición: Betanzos, 0,75 pts ao mes; Provincias, 3 pts ao trimestre.
 OUTRAS CARACTERISTICAS.— É o primeiro en identificarse claramente cunha ideoloxía política: Republicanismo progresista na linea de Ruiz Zorrilla e Salmerón. Anticlericalismo moderado. Defende o ensino laico. Maniféstase contrario á pena de morte, á política fusionista e pactista e, por suposto, á monarquía hereditaria. Non é de extrañar, pois, que sostivera enfrontamentos con "Las Mariñas", o outro periódico coetáneo, de caris católico tradicionalista. Es-casa publicidade.
 LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin: n.º 6, 7, 36, 37, 39, 40 e 41.

Año II

BERGONDO—Sábado 18 de Junio de 1887

Núm. 61

LAS MARIÑAS

PERIÓDICO DE INTERESES GENERALES

PUNTOS DE SUSCRICION	TODA LA CORRESPONDENCIA AL DIRECTOR	PRECIOS DE SUSCRICION.
En la Redaccion y Administracion de este periódico Bergondo Modelo 20. Fuera dirigiéndose al Administrador.	No se devuelven originales	En Bergondo y Betanzos 0,50 pts. al mes 1,25 trimestr fuera 1,50 Ultramar 6 meses adelante. Anuncios y comunicados precios convencionales

LAS MARIÑAS

Periódico de intereses generales.

PERIODICIDADE.— Semanal (salía os sábados).

PRIMEIRO NUMERO.— Maio de 1886.

DERRADEIRO NUMERO.— 5-XI-1893.

NUMEROS PUBLICADOS.— 182.

DIRECTOR.— Hipólito Codesido Sánchez.

REDACTORES E COLABORADORES.— José M.ª Montes, Juan Gómez Navaza, A. B. Llano, A. Campos y Carre-ras, José García Acuña, "P.T. Nera".

FORMATO.— 41,5 × 31 cm., ao principio. Despóis pasa a 45 × 32,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a catro columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de Vda. de Castañeira, Despóis en Tipogr. Las Mariñas.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Plaza, 19. Despóis en Plaza Constitución, 3.

PRECIOS.— Betanzos: 1,25 pts ao trimestre. Fora da localidade: 1,50 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Católico tradicionalista. Abonda en noticias relixiosas, criticando duramente ás es-colas laicas. Enfrontamentos con "La Libertad", a quen dirixe fortes ataques dialécticos. Organizou 2 certámenes litera-rios de importancia, en 1886 e 1887, polas festas de San Roque. Publicou documentos de inéditas Ordenanzas munici-pais, facilitadas por Gómez Navaza. Este publicou tamén unha "Galería de leyendas y tradiciones brigantinas". En va-rias ocasións a publicación foi perseguida e multada polo alcalde César Sánchez Sanmartín. Parece que deixou de publi-carse durante algúns anos, iniciando co n.º 125 (2-X-1892) a 2.ª época e cambiando a saída para os domingos. Ao desa-parecer anuncia a súa continuidade en "El Diario de Galicia", da Coruña, do cal era fundador e director o canónigo be-tanceiro Agustín Corral Golpe, de longa traxectoria na prensa católica tradicionalista, quen tamén financiaba "Las Ma-riñas". Publicidade de comerciantes locais e algún coruñés.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin: n.º 6, 17, 36, 61, 87, 101, e do 114 ao 182.

O ANTROIDO

Por cinco *perros* ó mes
tés ANTROIDO tod o 'ano,
e sin saír d' a lareira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si afroxas antesos cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

O ANTROIDO

Trangallada pra tódol-os xueves de tódal-as semás de tódol-os anos, Amén.

PERIODICIDADE.— Semanal.

PRIMEIRO NUMERO.— Outubro de 1886.

DERRADEIRO NUMERO.— 17-II-1887.

NUMEROS PUBLICADOS.— 19

DIRECTOR.— Non figura.

REDACTORES E COLABORADORES.— Bieito Losada, R. Pesqueira Crespo, Abellón, Bartolo, A.V.T.


FORMATO.— 33 × 23 cm. No n.º 19 pasa a 46,5 × 32,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a dúas columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de Amenedo Ponte; Soportais do Campo, 7.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Totalmente en galego, incluso os anuncios. Satírico, sobor de temas relixiosos e políticos. Algunhas noticias comentadas en verso, ao igual que a publicidade, que era escasa e anunciaba a pequenos comercios da localidade. No derradeiro número fai alusión ás festas do Antroido, reflexando o ambiente do momento e publicando un "Bando do Antroido". Na cabeceira facía constar: "Por cinco *perros* ó mes/ tés ANTROIDO todo'ano, / e sin saír d' a lareira/ a calquera mamarracho/ que, con disfraz fai un home/ e sin él é un estropaxo/ lle sacarás a carántula... / si afroxas antes os cartos". Tamén en lugar de poner número X, poñía antroidada X. É unha das primeiras publicacións deste carís en Galicia.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin; n.º 15, 16, 18 e 19.



CENCERRADA SOMANAL—PR'OS XUEVES D'O ANO TODO;—GRATIS, OS QUE DEN UN REAL;—Y-ÓS QUE NON!... CINCO CAS SOLO.

A FULIADA

Cencerrada semanal/ prós xueves d'o ano todo/ gratis, ós que dan un real;/ y-ós que non..., cinco cas solo.

PERIODICIDADE.— Semanal (saía os xoves).

PRIMEIRO NUMERO.— Marzo de 1887.

DERRADEIRO NUMERO.— Xullo (?) de 1887.

NUMEROS PUBLICADOS.— O derradeiro número coñecido é o 20.

DIRECTOR.— Non figura.

REDACTORES E COLABORADORES.— Bieito Losada, R. Pesqueira, A.V.T., Eduardo Pondal.

FORMATO.— 34 × 23 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a duas columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de Amenedo Ponte; Soportais do Campo, 7.

PRECIO.— 0,25 pts o exemplar.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Continuator de "O Antroido", na mesma liña satirica. Promove estas publicacións un pequeno grupo de rexionalistas da localidade: Á beira dos artigos satiricos (a maioría deles sin firma) aparecen poemas de Losada e Pondal. Emprégase un galego dialectal, sin depurar. Tres anos antes saía na Coruña unha publicación co mesmo nome e caris desta. A publicidade é escasa.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin: n.º 8, 13 e 20.



SEMANARIO POPULAR

PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN

En Bergondo; Mídelo 21.
En Betanzos Santa María, 6
Toda la correspondencia al Director.

BARRE LOS DOMINGOS

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

Bergondo y Betanzos, trimestre **una peseta**,
Fuera **1.50**. Número suelto **10 cts**. Anuncios
y comunicados precios convencionales

EL ESCOBON

¡Por el pueblo! ¡Para el pueblo! Semanario satírico-cómico-lírico-dramático. Con corresponsales telefónicos en todas las esquinas del pueblo. Posteriormente subtitularase Semanario Popular.

PERIODICIDADE.— Semanal (saía os sábados).

PRIMEIRO NUMERO.— 1-1-1888.

DERRADEIRO NUMERO.— Decembro de 1888.

NUMEROS PUBLICADOS.— 48.

DIRECTOR.— Fernando García Acuña (1861-1895).

REDACTORES E COLABORADORES.— Non figuran.

FORMATO.— 32,6 × 23 cm. Despois pasa a 35,5 × 25,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Lope Castañeira. Despois en Tipog. Las Mariñas; e outra vez en Sucesores de Castañeira.

PRECIOS.— Precio do exemplar: 10 cts. Suscripción trimestral: 1 pta (Bergondo e Betanzos); 1,50 pts (fóra).

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Aparecía como xornal de Bergondo, coa finalidade de escudir a presentación do periódico na alcaldía de Betanzos, presidida entón por César Sánchez Sarmartin, para a súa reglamentaria autorización. Criticas á política municipal (é o turno de goberno dos liberales) e, en especial, ao alcalde. Loita pola moralidade e xusticia da xestión municipal, enfrentándose, desde unha orientación republicana, á política pactista e caciquil que se está a facer. Algúns números apareceron en papel de cór. Tiña unha sección chamada Escobonazos e outras Barreduras. Na cabeceira figuraba tamén o lema "Barre los sábados". Escasa publicidade. Tiña puntos de suscripción en Bergondo (Miodelo, 21) e en Betanzos, no domicilio do director (Sta. María, 6).

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.º 1, 25, 26, 35 e 40.

ORVALLEIRAS

Periódico semanal encargado de desenmascarar bribones.

PERIODICIDADE.— Anunciábase semanal, mais solo sería un número.

PRIMEIRO NUMERO.— 8-1-1888.

DERRADEIRO NÚMERO.— 8-1-1888.

NUMEROS PUBLICADOS.— 1.

DIRECTOR.— "José María Ruanova", seudónimo.

REDACTORES E COLABORADORES.— Non figuran.

FORMATO.— ?

N.º DE PAXINAS.— 1.

LUGAR DE IMPRESION.— Tipogr. de Vda. de Castañeira.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Parece que se trata de unha empresa personal do seu director, destinada a atacar aos directores das outras publicacións locais: F. García Acuña de "El Escobón" e Hipólito Codesido de "Las Mariñas". Non tivo máis trascendencia que un simple panfleto.

LOCALIZACION.— Coñecémolo únicamente por referencias.

Año I

BETANZOS, 21 de Diciembre de 1888

Núm. I

El Brigantino

PRECIO DE SUSCRIPCIÓN: En Betanzos, 2 rs. al mes, pago adelantado.—En la Península 8 rs. trimestre.—Anuncios y comunicados á precios convencionales.

DIRECTOR
DON JESUALDO MARTÍNEZ

PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN.—En Betanzos, Plaza del Campo, número 15.
Toda la correspondencia al Director.

EL BRIGANTINO

Periódico de intereses generales. (ao cambiar de formato).

PERIODICIDADE.— Semanal.

PRIMEIRO NUMERO.— 21-XII-1888.

DERRADEIRO NUMERO.— 13-VII-1889 (?).

NUMEROS PUBLICADOS.— 28 (?).

DIRECTOR.— Jesualdo Martínez Santiso.

REDACTORES E COLABORADORES.— Manuel Martínez Santiso, Francisco Javier Martínez Santiso, José M.^a Montes, José Alguero Penedo, Hermenegildo Pasilde; J. Nieto Méndez.

FORMATO.— 45 × 32,5 cm. Despois cambiará a 36 × 25 cm.

N.^o DE PAXINAS.— 4, a duas ou tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. La Gutemberg; Barrera, 19; A Coruña. Despois en Impr. de Jesualdo Martínez, Betanzos.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Plaza do Campo, 15.

PRECIOS.— Subscripción: Betanzos, 2 réas ao mes.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Organo dun sector da burguesia con afáns culturalistas, representado polos irmáns Martínez Santiso. Tentaba informar sobor do pasado e presente da vila, aínda que tamén ten publicado notas de ámeto nacional e estatal. Tiña un folla literaria cada quince días ou cada mes, floxa á par de elitista, con ensaios de Filosofía, Arte, Ciencia e Literatura. Escomezou a publicar como folletín "*La derrota de los pedantes*" de Leandro F. de Moratín; tamén publicou poemas de Zorrilla. O Director publicou un estudo sobor do partido xudicial de Betanzos, saíndo un mapa do mesmo en forma de separata. No n.^o 1 publicou un grabado da igrexa de Tiobre. Traia algunhos anuncios de comerciantes e profesionais liberais. Sostivo enfrontamentos con "*¡Ya Somos Tres!*".

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.^o 1, 9, 14, 16, 18, 22, 25 e 28.

AÑO II. (2.^a ÉPOCA)

Bergondo (BETANZOS) Sábado 5 de Enero de 1889

NÚM 49

LAS RIBERAS DEL MENDO

PERIODICO DE INTERESES GENERALES

<p>PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN</p> <p>En la Redacción y Administración de este periódico Santa María 6, BETANZOS.</p> <p>Toda la correspondencia al Director. No se devuelven originales</p>	<p>DIRECTOR</p> <p>FERNANDO G. ACUÑA</p>	<p>PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN</p> <p>Bergondo y Betanzos, 0'50 pts. al mes, 2 trimestre, fuera 0'50</p> <p>Ultramar, 6 semestre, a la venta los</p> <p>Anuncios y comunicoslos á precios convencionales.</p>
--	---	--

LAS RIBERAS DE MENDO

Periódico de intereses generales.

PERIODICIDADE.— Semanal.

PRIMEIRO NUMERO.— 5-I-1889.

DERRADEIRO NUMERO.— Maio de 1889 (?)

NUMEROS PUBLICADOS.— Chegou, polo menos, ao n.^o 67, pero continuando a numeración de "*El Escobón*"; de ser así serían 18 os números publicados.

DIRECTOR.— Fernando García Acuña.

REDACTORES E COLABORADORES.— José García Acuña, Roque Ponte Peña, Adolfo Vázquez Gómez, Severo Ares Mancera, S. Cernuda, Eladio Fernández Diéguez, Aureliano J. Pereira.

FORMATO.— 45,5 × 32 cm.

N.^o DE PAXINAS.— 4, a catro columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Lope Castañeira.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Santa María, 6.

PRECIOS.— Subscripción: 0,50 pts ao mes; 2 pts ao trimestre. Non figura o precio do exemplar.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Continuador de "*El Escobón*", aparecía ao igual que éste domiciliado en Bergondo. A liña da publicación é semellante á do antecesor, con máis seriedade formal. Ten como lema as verbas "*Razón y Justicia*", que ostenta na cabeceira. Continúa a numeración de "*El Escobón*", de maneira que o primeiro número é o 49. Neste primeiro número escomezaba a publicación dun folletín: "*Alisita, novela original escrita por X*".

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.^o 49 (1.^o), 59, 62, 63 e 67.

<p>SUSCRIPCIÓN BETANZOS un mes 50 cts.—Provincias, trimestre 2 pts.—Ultramar, semestre 6 pts. PAGO ADELANTADO</p>	<h1 style="margin: 0;">¡YA SOMOS TRES!</h1> <p style="margin: 0;">SEMENARIO JOCO-SERIO</p>	<p>ADVERTENCIAS No se devuelven los originales.— Toda la correspondencia al Administrador de este periódico N.º. SUJELO, etc.</p>
<p>REDACTORES { PATRICIO GAMARRA MALA RACHA</p>	<p>VERDADA Y LEÓN EJECUTIVO REDACCION REDACCION Y ADMINISTRACION RUA TRAVESA 26</p>	<p>ADMINISTRADOR ENRIQUE NUÑEZ</p>

¡YA SOMOS TRES!

Semanario Joco-sério.

PERIODICIDADE.— Semanal (saia os xoves).

PRIMEIRO NUMERO.— 26-IV-1889.

DERRADEIRO NUMERO.— 29-VIII-1889.

NUMEROS PUBLICADOS.— 18.

DIRECTOR.— Non figura. (Seguramente, Aldolfo Vázquez Gómez).

REDACTORES.— “Patricio Gamarra”, “Mala Racha” (A. Vázquez Gómez).

COLABORADORES.— Moisés G. Besada, J. Luis de León, Lisardo Barreiro, Manuel Castro López.

FORMATO.— 35,5 × 25,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 8, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Castañeira.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Rúa Travesa, 26.

PRECIOS.— Subscripción: Betanzos, 50 cts. ao mes; Provincias, 2 pts ao trimestre; Ultramar 6 pts ao semestre.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— O titulo obedece, efectivamente, ao feito de coexistir tres periódicos neste intre: “El Brigantino”, “Las Riberas del Mendo” e éste. Adolfo Vázquez, que parece ser o animador desta publicación, tiña sido redactor de “Las Riberas del Mendo” abandonando este periódico por discrepancias co director, Fernando García Acuña; discrepancias que parecen ser políticas xa que Vázquez Gómez, recién chegado a Betanzos dende o exilio portugués, xoven pero cunha longa experiencia no periodismo e na política, defende unha tendencia do republicanismo (federalismo de Pi Margall) diferente á de García Acuña. O comerciante local Enrique Núñez Pirotto axudou a fundar e sostener esta publicación, figurando ao mesmo tempo como administrador da mesma. Na cabeceira fai constar unha tirada de 1.500 exemplares, número que parece esaxerado, cecáis para impresionar á competencia. Enfrentamentos con “El Brigantino”.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarin: n.º 3 e 18.

EL VALDONCEL

DIARIO INDEPENDIENTE

AGRICULTURA, CIENCIAS, ARTES, LETRAS, INDUSTRIA Y COMERCIO

<p>SUSCRIPCIONES BETANZOS: un mes, 1 peseta. Fuera trimestre, 4 pesetas. Extranjero y Ultramar, un año \$10.—Pago adelantado. La correspondencia de redacción, dirijase al Director, y la administrativa al Administrador.</p>	<p style="text-align: center;">REDACCION Y ADMINISTRACION, SÁNCHEZ BRÉCIGA, N.º. 4</p> <p>De los artículos firmados son responsables sus autores. No se devuelven los originales que a la Dirección se remitan.— Los días siguientes a los festivos no se publica.</p>	<p style="text-align: center;">INSERCCIONES</p> <p>Nacionales y extranjeras, prima a la vez. Diferencia por el extranjero. Se cobra a la vez. Avisos, cartas, felicitaciones, etc. etc. etc. Los precios son diferentes para los anuncios de precios y artículos y convencionales. Páase de los datos.</p>
---	--	--

EL VANDONCEL

Diario independiente. Agricultura, Ciencias, Artes, Letras, Industria y Comercio.

PERIODICIDADE.— Diaria.

PRIMEIRO NUMERO.— 3-1-1890.

DERRADEIRO NUMERO.— Maio de 1890.

NUMEROS PUBLICADOS.— 102.

DIRECTOR.— Adolfo Vázquez Gómez (1869-1950).

REDACCION.— José Alguero Penedo, Juan Gómez Navaza e Ramón Sanjurjo Ossorio.

FORMATO.— 24 × 33 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Tipogr. Sucesores de Castañeira.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Sánchez Bregua, 1.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Trátase do primeiro periódico que vai aparecer en Betanzos diariamente, empresa ambiciosa e difícil. É unha publicación ideolóxicamente plural, único xeito de sobrevivir diariamente. Trae abundante información local e unha sección de Noticias rexionales de pouca calidade recibidas a través da oficina de telégrafos da localidade. Esta reducirá o seu servizo, o cal vai perxudicar a recepción de noticias de fóra. Publicaba unha folla literaria en forma de suplemento dominical, "Los domingos de El Valdoncele", dirixida por José Alguero Penedo. Ao desaparecer vai ter continuidade en "El Mendo", ca mesma redacción e director. Supoñemos que os precios de subscripción serían os mesmos que os do seu sucesor. A derradeira páxina está toda ela adicada a publicidade local.

LOCALIZACION.— Colección particular da familia Veiga Roel.

Año. I.

Viernes 10 de Octubre de 1890

Núm. 124

SUSCRIPCIONES

EN BETANZOS: un mes. UNA peseta.—En provincias: CUATRO pesetas trimestre.—Extranjero y Ultramar: un año 36 pesetas. Pago adelantado.

EL MENDO

ANUNCIOS

ANUNCIOS.—En cuarta plana CINCO CENTIMOS DE PESETA línea. Comunicados y reclamos a precios convencionales.

DIARIO DE BETANZOS

<p>Director y propietario, ADOLFO VÁZQUEZ-GÓMEZ</p>	<p>REDACCION Y ADMINISTRACION CALLE DEL VALDONCEL, 55 BAJO No se devuelven los comunicados ni se responde de los artículos á cuyo pié vaya la firma del autor.</p>	<p>Administrador, ISAAC URIOSTELÓPEZ</p>
---	--	--

EL MENDO

Diario de la tarde (fundado por la antigua redacción de El Valdoncele). Posteriormente pasaría a subtitularse Diario de Betanzos.

PERIODICIDADE.— Diaria.

PRIMEIRO NUMERO.— 15-V-1890.

DERRADEIRO NUMERO.— 29-XII-1891.

NUMEROS PUBLICADOS.— 489.

DIRECTOR.— Adolfo Vázquez Gómez.

REDACCION.— José Alguero Penedo, Juan Gómez Navaza e Ramón Sanjurjo Ossorio.

COLABORADORES.— Severo Ares Mancera, C. Ossorio y Gallardo, Alejandro Rodríguez Cobelas, José Campomoreno, Ezequiel Núñez, Vicente Platel, Manuel J. Lema, Florencio de Vaamonde, Heraclio P. Placer, Galo Salinas, José Novo García, Tomás Saavedra, J. Gutiérrez del Arroyo (desde Buenos Aires), Fernando García Acuña.

FORMATO.— Do n.º 1 ao 34: 34 × 24,5 cm; do n.º 35 ao 191: 36 × 25 cm; do 192 en diante: 41 × 27,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de M. Villuendas; despois Tipogr. de Castañeira, e finalmente Vda. de Abad (A Coruña).

REDACCION E ADMINISTRACION.— Plaza de Cassola, 14-baixo. Despois en Valdoncele, 55-baixo.

ADMINISTRADOR.— Primeiramente Julio Romay Rodríguez; despois, Isaac Urioste López.

PRECIOS.— Subscripción: Betanzos, 1 pts ao mes; Provincias, 4 pts ao trimestre; Extranxeiro e Ultramar, 36 pts ao ano.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Continuador de "El Valdoncele". Mantén a línea de pluralismo ideolóxico, con participación de liberales, republicanos e rexionalistas. Mostra, sin embargo, unha hostilidade contra os conservadores, expresando o disgusto polo acceso ao poder dos conservadores de Cónovas, ao tempo que apoia públicamente a Agustín

García nas eleccións a deputado a Cortes, quen se enfrenta ao Marqués de Figueroa en feudo alleo. Na cabeceira figuraba o seguinte Programa: *"El triunfo de la moralidad y de la justicia, y la defensa de los intereses generales del país, constituyen el programa de este periódico"*. Tiña as seguintes seccións fixas: Crónica de las Mariñas, Noticias regionales, Telegramas (Madrid), Alcance postal y telegráfico. A derradeira páxina esta toda ela adicada a publicidade de comercios da localidade, e de fora ca curiosidade de anunciarse en verso algúns comerciantes. Publicaba esquelas, con precios de 8 a 20 pts para os non subscritores e de 4 a 10 para os subscritores. Publicou por capítulos unha *"Historia de la Filosofía"*, firmada por Roque de Paderne. Tiña un corresponsal en Madrid, Justo R. Heras.

LOCALIZACIÓN.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: Do n.º 1 ao 489.



POR LA PATRIA

(DIARIO DE LA GUERRA)

Betanzos 28—Abril—1898.

N.º 3—Venta del n.º 2.º en
Betanzos—71 ejemp.

POR LA PATRIA

Diario de la guerra.

PERIODICIDADE.— Diaria.

PRIMEIRO NUMERO.— Abril de 1898.

DERRADEIRO NUMERO.— 1898.

NUMEROS PUBLICADOS.— ?

DIRECTOR.— Non figura.

REDACTORES E COLABORADORES.— Non figuran.

FORMATO.— 32,5 × 22 cm.

N.º DE PAXINAS.— 1.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. de M. Villuendas.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación destinada a informar dos acontecementos da guerra de Cuba no intre da intervención norteamericana, que se solventaría no mesmo ano ca derrota española e a conseguinte perda das colonias. Publicaba listas de subscrición que se estaba a facer e unha sección de telegramas con novas da guerra. Parece estar feita polos sectores máis conservadores da localidade que se atopan disfrutando do turno de goberno. No n.º 3, único que coñecemos, pon na cabeceira: *"Venta del n.º 2 en Betanzos- 71 ejemplares"*; descoñecemos si se refire á tirada da follina ou ás que se venderon na localidade, aínda que parece tratarse deste último. Non consta o precio da publicación, que debía ser simbólico, como unha especie de donación para a causa. Trátase dunha simple folla, escrita por unha sola cara. Na cabeceira ostenta un escudo de España.

LOCALIZACIÓN.— Arquivo Municipal de Betanzos: n.º 3.

BIBLIOGRAFIA SOBOR DA PRENSA BETANCEIRA

- Brais da Bouza.— Voces en Gran Enciclopedia Gallega: *"Betanzos"*, *"Cantarida, La"*, *"Eco de las Mariñas, El"*.
 Durán, J.A.— Voces en Gran Enciclopedia Gallega: *"Betanzos Liberal"*, *"Brigantino, El"*, *"Aspiración, La"*.
 Miguez, J.A.— *"Historia y vicisitud del periodismo brigantino"*. Betanzos, 1960.
 Torres Regueiro, X.— *"Prensa nacionalista: Rexurdimento"*, en A Nosa Terra, n.º 201 e 202. Vigo, 1982.
 — *"Centenario da prensa betanceira"*, en Aguillón, n.º 2. Betanzos, setembro 1983.
 Vales Villamarín, F.— *"Prensa betanceira. A Foliada"*, en B.R.A.G., t. XXXI, n.º 356. A Coruña, 1974.
 — *"Destellos Juveniles"* e *"Doña Prudencia"*, voces en Papeletas para una proyectada Enciclopedia Brigantina. La Coruña, Paraíso del Turismo. A Coruña, 1975.
 — *"Prensa brigantina. Las Riberas del Mendo"*, en la Voz de Galicia. A Coruña, 12-1-1981.
 — Voces en Gran Enciclopedia Gallega: *"Chaparrón, El"*, *"Defensa, La"*, *"Escobón, El"*, *"Censor, El"*. *Tiñan aparecido anteriormente noutras publicacións.*

1. Durán debeo confundir con outro periódico coruñés de idéntico título, pois afirma que reaparecía en 1880, cando o seu primeiro n.º é de nadal de 1888.